

Solicitud e documentación

As solicitudes presentaranse nos modelos normalizados que figuran como anexos a Orde de 6 de agosto de 2012 xunto coa documentación orixinal ou copia compulsada requerida para cada caso.

E dirixiranse ao órgano competente para resolver da Consellería de Traballo e Benestar e presentaranse nos rexistros da Xunta de Galicia, ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Tamén poderán presentarse electronicamente a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, no enderezo <https://sede.xunta.es>



Máis información:

Axencia Local de Colocación

Edificio Administrativo Municipal

Rúa Alcalde Raimundo López Pol, s/n

TI. 981543060 Fax 981542407

E-mail: axencialocaldecolocacion@santiagodecompostela.org

Web: www.axencialocaldecolocacion.org



Axencia Local de Colocación
Santiago de Compostela

PROGRAMA FORCON INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN DE MOZOS E MOZAS CON BAIXA CUALIFICACIÓN DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR



CONCELLO DE
SANTIAGO

Concellaría de Familia, Benestar Social
Muller e Emprego



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de Promoción do Emprego



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

PROGRAMA FORCON INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN DE MOZOS E MOZAS

(Orde do 6 de agosto de 2012 – DOG 155, de 14 de agosto)

	Incentivos á contratación temporal	Incentivos á transformación contratos temporais en indefinidos
Empresas beneficiarias	<p>Aquelas que participasen, participen ou poidan participar nos diferentes programas de fomento da empregabilidade e/ou de inclusión, que implican colaboración directa coa Administración na posta en marcha das políticas activas de emprego definidas pola Consellería de Traballo e Benestar:</p> <p>Empresas en que se realice o módulo de prácticas profesionais non laborais dos certificados de profesionalidade cos alumnos ou alumnas dos cursos de formación para o emprego subvencionados pola Consellería de Traballo e Benestar. Empresas que realizasen cursos de formación de persoas desempregadas con compromiso de contratación ao abeiro das convocatorias da Consellería de Traballo e Benestar.</p> <p>Empresas que contraten alumnos e alumnas provenientes de cursos de formación para o emprego realizados no marco das convocatorias da Consellería de Traballo e Benestar.</p> <p>Empresas que contraten alumnos e alumnas que participaran en programas de escolas obradoiro, casas de oficios ou obradoiros de emprego.</p> <p>Empresas que contraten persoas desempregadas que participasen en programas de cooperación.</p> <p>Empresas que contraten a persoas desempregadas provenientes dos programas integrados de emprego realizados no marco das convocatorias da Consellería de Traballo e Benestar.</p> <p>Empresas que presenten ofertas de traballo a través do Servizo Público de Emprego de Galicia.</p> <p>Empresas que colaboren coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ofertando prácticas non laborais aos seus alumnos e alumnas.</p> <p>Empresas que colaboren nos programas de inclusión social da Consellería de Traballo e Benestar.</p> <p>Para ser entidade beneficiaria ten que pertencer, de xeito obrigatorio, a algún dos seguintes sectores:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Economía verde, tales como enerxías renovables, vehículos ecolóxicos, preservación ambiental, etc. • Economía da saúde, como servizos a 3ª idade ou a dependencia... • Economía do coñecemento, como biotecnoloxía, audiovisual e cultura ou tecnoloxías mecánicas e robotización. 	
Formalización dos contratos	Serán subvencionables calquera modalidade de contratación temporal (incluídos contrato en prácticas, para formación, formación e aprendizaxe, revezamento e substitución por xubilación) que cumpran cos requisitos establecidos pola norma e se teñan formalizado entre o 26 de xaneiro e o 30 de setembro de 2012.	Os contratos temporais que, ao rematar a súa vixencia ou antes do 30 de setembro de 2012, se transformen en indefinidos contarán cunha axuda complementaria de 2500€ de máximo, proporcional á xornada a tempo completo ou xornada ordinaria máxima legal.
Incentivos	As contratacións temporais realizadas de acordo co establecido nesta orde, incentivaranse cunha axuda de 2.500 euros. As contías dos incentivos serán proporcionais ao tempo efectivo de traballo en función da xornada a tempo completo establecida no convenio colectivo de aplicación ou, no seu defecto, da xornada ordinaria máxima legal.	Aqueles contratos temporais convertidos en indefinidos ao rematar a súa vixencia e ata o 30 de setembro de 2012 terán dereito a unha axuda complementaria de 2.500€.
Requisitos	<p>Ás contratacións temporais deberán ter unha duración de 6 meses e realizarse con persoas desempregadas mozos e mozas sen cualificación que participasen como alumnos na etapa formativa do Programa Forcon, nalgún dos seguinte cursos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Operacións auxiliares de fabricación mecánica, ou Montaxe e posta en marcha de bens de equipo e maquinaria industrial • Mantemento e montaxe mecánico de equipo industrial, • Montaxe e mantemento de instalacións de megafonía, sonorización de locais e circuito cerrado de televisión, ou Montaxe e mantemento de infraestructuras de telecomunicacións en edificios. • Montaxe e mantemento de instalacións solares fotovoltaicas, ou Montaxe e mantemento de instalacións solares térmicas. <p>Como consecuencia da contratación temporal pola que se solicita subvención ten que manterse o cadro de persoal da empresa no ámbito territorial de Galicia respecto á media dos 3 meses anteriores ao mes de realización da contratación pola que se solicita subvención.</p> <p>Para o cálculo do mantemento do cadro de persoal non se computarán ás persoas traballadoras cuxas baixas se producisen por propia vontade do traballador ou traballadora ou por morte, xubilación, incapacidade permanente total ou absoluta ou grande invalidez legalmente recoñecidas ou por finalización do contrato.</p> <p>O número de persoas traballadoras subvencionadas ao abeiro deste programa non poderá superar o 10 % do cadro de persoal da empresa. Para aquelas empresas que teñan menos de 20 traballadores só se subvencionará unha persoa traballadora ao abeiro deste programa.</p> <p>A empresa deberá informar previamente á representación legal dos traballadores das contratacións obxecto de subvención.</p>	
Exclusións	As relacións de carácter especial previstas no artigo 2.1 do Estatuto dos traballadores Os casos nos que a persoa contratada manteña unha relación familiar de ata o 2º grao de parentesco coa persoa empresaria ou cargos de responsabilidade coa excepción de que o empregador sexa un traballador/a autónoma que contrate a fillos menores de 30 anos ou familiar menor de 45 anos que non conviva no fogar nin estea ao seu cargo.	
Obrigas entidades beneficiarias	<p>No caso de persoas en risco de exclusión ou situación de exclusión social deberá manterse o cadro de persoal polo período de duración do contrato subvencionado sendo substituída en igualdade de condicións no prazo dun mes en caso de extinción do contrato sen que isto dea lugar a unha nova axuda.</p> <p>No caso de substitución de persoas en excedencia nos casos sinalados deberá:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Manter o cadro de persoal durante o período de duración do contrato e no caso de cesamento da persoa obxecto de subvención substituíla nun prazo non superior ao de 10 días logo da baixa e comunicalo ao órgano competente • Comunicar a data de incorporación da persoa substituída dentro do mes seguinte a aquel no que esta se produza. <p>En ambos supostos no caso de sinatura dun compromiso como entidade colaboradora do SEPE deberá presentar a acreditación desta participación nos 24 meses seguintes a dita sinatura.</p>	<p>As entidades beneficiarias deberán manter no seu cadro de persoal as persoas subvencionadas polo mínimo de duración do contrato.</p> <p>No caso de extinción do contrato deberá cubrirse a vacante nun prazo de 20 días en tempo de dedicación igual ao anterior debendo a persoa contratada pertencer a algún dos colectivos antes sinalados e sen que dea lugar a unha nova subvención. Se a persoa cesa antes do período subvencionado, e non é substituída tal e como se sinalou, entenderase que se produce un incumprimento total polo que deberán reintegrarse a totalidade dos incentivos.</p>